



sindicato
labrego galego
comisións labregas

membro de:



PROPOSTAS DO SINDICATO LABREGO GALEGO ELECCIÓNS AO PARLAMENTO GALEGO

Dende o Sindicato Labrego Galego, diante da convocatoria das vindeiras eleccións ao Parlamento Galego queriamos trasladarlles unha serie de propostas co desexo de que sexan do seu interese e podamos compartir estratexias de cara ao que de seguro é o obxectivo común de termos un medio rural vivo, no que a agricultura, a gandería ou a silvicultura como motores dos espazos rurais, contribúan á creación de emprego, á dinamización social e económica, a garantir unha alimentación de calidade para a cidadanía, a preservar e mellorar a biodiversidade, e a nosa riqueza paisaxística e cultural.

As políticas agrarias e alimentarias pasaron a ser nos últimos anos un elemento económico dos máis disputados a nivel mundial polos grupos especulativo-financeiros internacionais, fondos de investimento e multinacionais. Como consecuencia da primacía do neoliberalismo financeiro sobre a economía produtiva, estanse a deixar a un lado os intereses dos pobos como o galego, e, sobre todo, como suxeitos totalmente pasivos a labreg@s e consumidor@s.

Neste momento o medio rural presenta xa unha importante problemática en canto ao despoboamento, ao envellecemento da poboación e mesmo xa ao abandono de partes importantes, que en gran medida se deben ao desleixo dos sectores que son a base da economía produtiva actual, aos baixos prezos da maioría dos produtos en orixe, a políticas encamiñadas á produción de materias primas de escaso valor engadido, e mesmo á priorización de falsas alternativas como minas, eólicos, especies de crecemento rápido, outros proxectos que non fixan poboación etc De continuaren as mesmas mensaxes e as mesmas políticas que se levan realizando dende a entrada na UE, a desertificación económica e humana no noso rural seguirá.

Por todo iso queremos propoñer o que, ao noso modo de ver, serían liñas fundamentais para revertir esta situación e ter unha Galiza rural dinámica e sostible, así como para construír unha cadea alimentaria verdadeiramente sostible, crear unha lexislación en materia de competencia que acabe cos abusos da distribución e da industria, ou outra Política Agraria Común.

A posta en marcha de políticas que apoiem a incorporación de persoas mozas á actividade vai ser fundamental nos vindeiros anos, e cómpre dotar economicamente os programas de incorporación, así como impulsar unha

formación de calidade, co fin primordial de que a xubilación de miles de labregas e labregos non supoña a perda de activos nos distintos subsectores, e mesmo que se poda aproveitar para xerar emprego o gran potencial que teñen as producións de calidade, os procesos de transformación ou o peche do ciclo de moitas das producións existentes.

A axuda á incorporación debe poder empregarse segundo as necesidades prioritarias da persoa moza, ao longo dun período extenso no que se produza a instalación e en ningún caso promover un gran endebedamento que comprometa a viabilidade do propio proxecto. Actualmente a fiscalidade das axudas de incorporación é moi abusiva, pois a Axencia Tributaria está a levar arredor dun terzo das mesmas, e debería acordarse un tratamento moito máis axeitado ou mesmo a súa exención, debido ás enormes dificultades que ten a mocidade actual, máxime nas zonas rurais, e a necesidade imperiosa de apoiar os proxectos das xeracións máis novas.

Os servizos públicos no medio rural deben ser accesibles e de calidade, e é preciso que a mocidade poda conseguir no medio rural un medio de vida que lle proporcione os ingresos suficientes para poder desenvolver o seu proxecto vital. Para isto é esencial revertir a actual situación crítica dos sectores agrarios e gandeiros, dos que actualmente case se fai imposible vivir.

É fundamental desenvolver políticas integrais que poñan fin ás numerosas discriminacións que padecen moitas mulleres labregas e do medio rural: sen recoñecemento profesional, dereitos económicos propios, sen cotización á seguridade social ou con moi poucos anos cotizados, nun medio con unha enorme dispersión xeográfica, índices de envellecemento e carencia de servizos, por exemplo, para os coidados, o que acaba incidindo na precarización aínda maior da vida das mulleres. Cómpre desenvolver a Lei de Titularidade Compartida, apoiar a cotización das mulleres á Seguridade Social, así como pór os medios axeitados para combater o patriarcado e a violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións e nos diferentes ámbitos (educación, xulgados, medios de comunicación, traballo, saúde, sociedade...). A violencia contra as mulleres debe ser considerada a todos os efectos o problema máis grave do momento actual e porse as medidas axeitadas para acabar con ela.

Tendo en conta a crecente tendencia a posta en marcha de acordos comerciais internacionais, a unha dependencia maior das políticas europeas e estatais, dende o Goberno Galego débense de construír alianzas institucionais e de apoio a movementos sociais para que as Políticas Agrarias e Alimentarias se constrúan en base aos seguintes obxectivos:

a) Iniciar un proceso continuado para conseguir en Galiza as maiores cotas de Soberanía Alimentaria, e o traballo para o recoñecemento deste dereito esencial dos pobos, nas negociacións das diferentes políticas alimentarias que se definan a nivel galego, estatal e europeo. A soberanía alimentaria como o dereito a protexer e decidir políticas agrarias e alimentarias, priorizando a calidade nutritiva e

biolóxica dos alimentos para toda a cidadanía, o desenvolvemento da economía local, o emprego e o modelo social de produción de alimentos, a cercanía, a sostibilidade e a eficiencia en vez da dinámica competitiva das grandes corporacións por acaparar o mercado, ademais de frear o quecemento do planeta. Deben primarse os mercados locais, e en xeral os circuitos curtos e o abastecemento con produtos de proximidade, apostando por modelos o menos dependentes posibles de combustibles fósiles e reducindo as emisións de CO2 e a contaminación que xera o transporte a miles de quilómetros, así como os tratamentos engadidos no almacenamento e transporte para conservar eses produtos nos longos recorridos.

b) Relacións comerciais exteriores baseadas na cooperación en vez de en prácticas de dumping, da imposición de prezos ruinosos, da rebaixa dos estándares de calidade ou na competencia desleal. Ningún acordo pode poñer en perigo os sistemas de produción ou distribución que decida cada pobo ou comprometer a súa seguridade alimentaria. Dende o Sindicato Labrego Galego solicitamos que dende o goberno galego haxa un posicionamento claro contra a aprobación de acordos que consideramos moi negativos para a cidadanía galega e nomeadamente para a agricultura e a gandería como o CETA ou TTIP, ou outros similares.

c) Cada pobo, país ou estado debe ter como dereito equilibrar a súa balanza comercial agraria, esencial para a seguridade alimentaria, para a súa estabilidade económica social e cultural, e isto é moi importante no caso galego pois temos unha balanza comercial agroalimentaria moi desfavorábel.

d) Galiza debe apostar por modelos de produción baseados na agroecoloxía, no recoñecemento do saber tradicional labrego, e na investigación e técnicas que sexan respectuosas e sostibles a todos os niveis, con aplicación do principio de precaución (todos os insumos que non teñan demostrado a súa inocuidade para a saúde e a diversidade, e a sostibilidade non poden ser comercializables, tampouco se atentan contra a sostibilidade do sistema agrolimentario endóxeno no seu conxunto) teñen que anularse as existentes e prohibirse as novas patentes sobre os seres vivos, os transxénicos e todos os velenos que deixan residuos (glifosato...), aínda que estean dentro dos Límites Máximo de Residuos permitidos, así como derrogar as normas que limitan a reprodución e utilización por parte das persoas labregas das sementes, con especial protección das sementes autóctonas. Galiza debe declararse zona libre de transxénicos, e converterse nun referente de alimentos saudables e de calidade, e de modos de produción respectuosos e sostibles.

e) Aproveitamento do potencial da produción ecolóxica e apoio decidido á produción, transformación e distribución deste tipo de alimentos. A preocupación pola saúde, a calidade dos alimentos, o gusto e a conciencia social e ambiental cobran cada día maior importancia como factor de compra en Galiza, nunha evolución que segue o ronsel de países de Europa con unha demanda ecolóxica moi consolidada como Dinamarca, Alemaña, Francia ou Inglaterra, e os datos do propio Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia sinalan este

incremento da superficie inscrita para a produción ecolóxica no 2015, incremento dun 33%, dende as 15.230 hectáreas do ano 2014 ás 20.306 hectáreas, pero que segue a ser unha das máis baixas a nivel europeo.

f) Defensa de políticas agrarias públicas de regulación da produción e do mercado, establecendo en producións como o leite, por exemplo, a regulación obrigatoria a escala europea, e referencias de volumes e prezos que cubran cos custos de produción e permitan condicións de traballo dignas nesas actividades. As cantidades de referencia non poden ser decididas unilateralmente polas industrias senón que deben responder ao modelo social de produción de alimentos, e a garantir o mantemento da actividade agraria e gandeira nos distintos territorios.

g) Deben pórse en marcha políticas estruturais de apoio ao modelo social de agricultura e á sostibilidade do emprego directo ou familiar, agricultura con moitas persoas agricultoras, tendo como criterio fundamental as persoas en activo en vez das hectáreas, tamén nos apoios económicos. O sistema de axudas principalmente debe equilibrar os maiores custos que supoñen producións como as ecolóxicas, as desvantaxes climáticas, orográficas, periféricas e de renda para ter un equilibrio interno axeitado.

h) A Administración debe concentrar os apoios en proxectos que pechen o ciclo e xeren valor engadido a través da transformación e comercialización, e non na obtención de materias primas ou produtos de escaso valor. Un dos obxectivos debe ser a construción de economías locais sólidas, e a compra pública de alimentos de proximidade e ecolóxicos pode ser un elemento dinamizador moi importante: fomentando a transformación en granxa e a venda de fresco e transformado directamente, en mercados locais e o subministro dos alimentos de comedores públicos dos colexios, hospitais, residencias de maiores etc. Cómpre substituír o abastecemento en colexios ou hospitais con comida requentada, con conservantes e quilométrica por comida saudable feita no momento nas cociñas destas institucións.

É necesario unha adaptación das normas sanitarias -hoxe válidas só para a industria, para os produtos transformados nas explotacións (de gran valor tanto alimenticio como cultural) que fagan posible a súa comercialización, e mesmo fomentar instalacións de transformación sostibles para a diversificación das actividades e que consigan un maior valor engadido das producións agrícolas e silvícolas complementarias das explotacións, onde sexa preciso dar saída ao que non comercialicen directamente as granxas.

As actividades de turismo, artesanía ou servizos á poboación poden ser un complemento moi interesante a nivel de emprego ou para a dinamización económica, pero precisan dun tratamento axeitado en canto á normativa aplicable para unha escala reducida ou as súas especificidades.

Desde as administracións débese apoiar á redución de custos de produción e comercialización, mellorando as infraestruturas comarcais (regadío, transportes, pequenos matadoiros ou salas de despece, mercados...) e desenvolvendo políticas propias de abastecemento de insumos con recursos locais (materia orgánica,

adubos, sementes, viveiros, tecnoloxía...) e recuperación e mellora de técnicas de traballo tradicional.

i) O apoio a fórmulas de cooperación e proxectos de economía social é esencial, aínda que o fin non pode ser nunca promover proxectos especulativos ou que se baseen na produción de materias primas de escaso valor, que actúen como meros axentes de grandes distribuidoras, introduzan un novo intermediario sen xerar ningún valor engadido e non haxa unha incidencia directa na mellora das condicións do prezo ou nas condicións das persoas produtoras asociadas, das persoas traballadoras... A optimización dos medios pode facerse a través de alianzas e sen necesidade de fusións ou absorcións. As cooperativas deben servir de instrumento comercial, técnico e financeiro; ademais de como factor que dea estabilidade e fomenta a solidariedade entre produtores e produtoras. En todo caso deben ter un funcionamento democrático baseado nas decisións dos seus asociados e asociadas, e o seu obxectivo principal debe ser a defensa dos seus intereses.

k) Deben potenciarse os centros públicos de formación, de investigación e o asesoramento público como xeito imprescindible de incorporación de xente nova ao agro, así como manter este asesoramento para as explotacións xa establecidas. É imprescindible apoiar as oficinas agrarias comarcais dotándoas dos medios e do persoal preciso para que podan ser un punto de apoio fundamental para as persoas que se dedican á agricultura, á gandería e a silvicultura. A recuperación dos centros de investigación agraria debe servir para que na práctica melloren as técnicas produtivas das explotacións, creando liñas para investigar variedades, tanto novas como tradicionais, ademais de desenvolver maquinaria agrícola adaptada á idiosincrasia do noso país, novas técnicas de produción en ecolóxico... As innovacións conquistadas deben ser para os produtores e produtoras e non venderse para beneficio das casas comerciais.

É necesario poñer en marcha liñas de formación para produtores e produtoras, orientadas cara á redución de custos, formación que debe basearse na produción de insumos obtidos na propia explotación para ser empregados no proceso produtivo (recollida de semente, produción de planta, reutilización e reciclaxe para os adubos, remedios naturais na defensa e prevención de enfermidades nas plantas...).

l) Control efectivo e seguimento dos danos da fauna salvaxe, pagando os danos que provoque, baixo o principio de que debe ser a sociedade no seu conxunto quen asuma o mantemento da fauna salvaxe e non as explotacións gandeiras, tanto no lobo coma no xabaril, corzos, corvos...

PREZOS E CADEA ALIMENTARIA

Actuarase na maior brevidade cos medios do goberno galego e en colaboración con outras administracións para :

1.- A dotación dos medios axeitados para elaborar e poñer a disposición dos sectores agrarios referencias obxectivas dos custos de produción, que se

actualicen permanente para que sexan un instrumento transparente e real na formación de prezos dentro do conxunto da cadea alimentaria, así como lexislación de cadea alimentaria que impida a imposición de prezos que supoñan ter que vender a perdas en ningunha granxa.

2.- Mesas permanentes de negociación cos axentes da cadea alimentaria, onde o Goberno empregará todos os medios ao seu dispor para que se garantan condicións xustas e prezos que cubran os custos e remuneren dignamente o traballo en orixe, así como que as produtoras e produtores galegos non sexan discriminados con respecto ao contorno do Estado ou de Europa .

3.- Debe establecerse un sistema de mediación público específico nos contratos agrarios e gandeiros, accesible e gratuíto, que actúa para evitar cláusulas ou prácticas abusivas.

4.- Xerar alianzas e propostas para modificar a normativa de Competencia para que proporcione instrumentos que acaben coa posición de dominio da Distribución e da Industria e garantan a marxe e condicións xustas en orixe, dado que hoxe a acción dos organismos de competencia están a ser garante precisamente dos comportamentos abusivos e da indefensión das produtoras e produtores.

5.- Eliminar as prácticas fraudulentas e enganosas da distribución na etiquetaxe de produtos non producidos na nosa terra con implicación da administración pública no control, que debe apostar por unha etiquetaxe obrigatoria que indique a orixe e as características do produto. Debe investigarse, controlar e publicitar por parte da administración as marxes comerciais existentes entre produción e consumo, establecendo medidas correctoras e/ou sancionadoras.

TERRA E SUPERFICIE AGRARIA ÚTIL

Galiza retrocedeu arredor do 25% a SAU (superficie agraria útil) dende a entrada no Mercado Común Europeo, hoxe Unión Europea. Debe ser un obxectivo inmediato remediar esta situación, pero o que de inmediato cómpre dotar o BANCO DE TERRAS cos medios humanos e materiais para que sexa unha ferramenta efectiva de cara á recepción de todas as parcelas de terra que é ou foi agraria, e non están a ser utilizadas, e a súa posta a disposición das persoas que se queiran incorporar á actividade agraria ou daquelas granxas que as precisen.

Todas as terras agrarias ou silvícolas en alugueiro ou venda deben pórse á disposición de cultivadores directos para que a dimensión cubra a viabilidade e o emprego da man de obra familiar, a prezos asumibles segundo a actividade, establecendo mesmo discriminacións positivas que eviten as dificultades específicas de colectivos con máis problemas de acceso á terra como a mocidade ou as mulleres.

De xeito inmediato e cos tempos mínimos que leven as modificacións lexislativas, deberían levarse adiante as iniciativas para que Galiza dispoña duna SAU mínima

dun 33%, para chegar ó desexábel entorno do 40%; para facer máis sostibles as actuais e establecer novas granxas, e ter a base suficiente para producir o necesario para equilibrar a balanza comercial agraria, para ser menos dependentes de insumos externos, máis autónomos, crear máis emprego agrario... así como garantir a seguridade alimentaria e iniciar o camiños cara á soberanía alimentaria.

Para evitar perigos como os que poden orixinar os incendios, é preciso incrementar a superficie na que non se podan realizar plantacións forestais arredor dos núcleos rurais, cando menos ata os 300 metros, aínda que poderá haber árbores soltos con silvopastoreo. Tamén é fundamental garantir unha ordenación racional do territorio, de cultivos, protexer a terra agraria e que esta non poda ser forestada.

Cómpre mudar as políticas que desprezan o minifundio, por outras que aproveiten o seu potencial para producións de calidade e diversificadas, así como a maior eficiencia e creación de emprego demostrado neste tipo de predios, fronte aos baixos rendementos por exemplo dos monocultivos a gran escala.

PROPOSTAS SECTORIAIS

LEITE

Estamos atravesando a maior crise que se recorda no sector e é necesario pór en marcha con urxencia medidas para acabar coa posición de dominio das industrias e da distribución, cos contratos de adhesión e as condicións abusivas, para garantir a recollida en todas as granxas e unha cadea de valor con prezos mínimos en orixe que cubran os custos de produción e remuneren dignamente o traballo, a definición de leites tipo e parámetros obxectivos, así como a transparencia total da cadea.

Debe garantirse que non se manda leite en Galiza para intervención ou se pagan prezos por debaixo dos custos de produción ou como leite en po mentres as industrias traen de fóra leite, queixo ou produtos lácteos, que substitúen a produción propia. No marco europeo é necesaria unha regulación pública da produción que evite excedentes e os baixos prezos, e garanta condicións dignas para as miles de persoas que viven do leite e o modelo social de produción de leite en Galiza e no resto de Europa.

Deben establecerse mecanismos para reducir o endebedamento do sector e para aumentar a base territorial das granxas. Cómpre apostar por modos de produción que poñan en valor os recursos endóxenos, e que freeen a dependencia de insumos externos e aminoren os custos de produción nas granxas. Como no resto dos sectores é importante pechar o ciclo e apoiar proxectos de transformación que xeren valor engadido, baseados en produtos de calidade.

CARNE VACÚN

O sector vacún de carne é dende hai anos un dos de máis reducida rendibilidade, dos máis desatendidos dende a Administración e ademais está situado nas zonas do país máis desfavorecidas e castigadas, polo que é fundamental pór medidas para a orientación produtiva na que hai un maior número de granxas en Galiza:

A nivel galego:

- ♦ As explotacións deben ter acceso a unha base territorial suficiente para que sexan viables.
- ♦ Mantemento e mellora do programa de axudas de razas autóctonas
- ♦ Que non se exclúan as superficies que empregan as granxas en extensivo e que se teñan en conta as persoas en activo, e as zonas desfavorecidas..
- ♦ Fomento do consumo da carne do país fronte á foránea en carnicerías e institucións.
- ♦ Control das pesadas nos matadoiros
- ♦ Que o sector de carne de vacún sexa considerado como estratéxico co apoio correspondente para manter a poboación e para a vertebración social da maioría do rural galego.
- ♦ Novo impulso a Ternera Gallega, co obxectivo de que teña capacidade para comercializar toda a carne de calidade das explotacións familiares

A nivel de PAC:

- ♦ Participar activamente na construción de un nova agricultura na UE arredor da soberanía alimentaria, e unha agricultura para as persoas e non para a especulación.
- ♦ Manter a intervención pública e almacenamento privado para a carne de vacun
- ♦ Que as axudas directas sirvan para compensar a diferenza dos prezos cos custos de produción, tal e como foron concebidas, e non para as grandes corporacións e terratenentes.
- ♦ Que as zonas máis marxinadas pola orografía e pola economía, non o sexan tamén polos pagos PAC.

VITIVINÍCOLA

A produción de uvas que se vende a adegas privadas ou a cooperativas case nunca se cobra conforme aos prazos que marca a Lei da Cadea Alimentaria para produtos perecedoiros, son frecuentes os impagos e moitas veces os prezos están por debaixo dos custos de produción.

O goberno galego, como no resto dos sectores, debe apostar pola existencia estable de mesas nas que os termos dos contratos se negocien colectivamente

entre as distintas partes da cadea, se cumpra a lexislación vixente e os prezos non podan estar por debaixo dos custos de produción, segundo referencias que a propia administración pública poñerá a disposición do sector.

Diante das ameazas constantes ás producións protexidas por denominacións de orixe, a administración porá en marcha medidas para apoiar a viticultura galega, os programas de calidade, a incorporación de xente moza, e a presenza no mercado dos viños galegos.

É moi importante apoiar decididamente aos [viticultor@s](#) que se decidan dar o paso a colleiteir@s, con elaboración propia.

Á parte da venda exterior, é importante promocionar o prestixio dos viños galegos en toda Galiza, especialmente dos tintos, por ser o seu consumo na maioría das cidades e algunhas vilas moito menor ca outros viños que se traen de fóra, como o Ríoxa.

VEXETAIS (HORTA, FROITA, PATACA...)

Nestes sectores é onde a balanza comercial é máis desfavorábel, polo que se debe impulsar a produción sostible e agroecolóxica e o consumo de tempada para dispor de alimentos frescos, nutritivos, de proximidade e culturalmente apropiados, ate conseguir equilibrar a balanza de Galiza nestes sectores vexetais.

- ♦ O obxectivo principal é asegurar o mantemento e a incorporación de labregos e labregas, e que as explotacións de horta e flor sexan rendibles. . Só poderemos ter asegurados os nosos ingresos se controlamos os mercados dándolle prioridade á produción da Galiza fronte as importacións e invasión de produtos foráneos. As políticas públicas deben apoiar e promocionar o consumo de froitas, hortalizas, patacas producidas no noso país en primeira instancia e, nomeadamente, na restauración colectiva dependente da Administración (colexios, hospitais, xeriátricos, etc..) e nos actos institucionais promovidos pola mesma.
- ♦ Un dos grandes problemas na estabilidade das explotacións é a imprevisible flutuación dos prezos, que tanto van cara a arriba como acusan caídas en picado, feito que crea inseguridade e incerteza. Diante desta situación, propoñemos unha mesa de prezos que fixe uns mínimos por debaixo dos cales haxa que intervir no mercado. Dado que neste sector a comercialización é moi diversa, tamén propoñemos un mecanismo de apoio directo que poidan solicitar aquelas explotacións que presenten facturas de venda por debaixo dos mínimos de referencia.
- ♦ Cómpre promocionar o emprego de sementes e material vexetal adaptado ás nosas condicións edafoclimáticas en variedades comerciais, dándolle prioridade ás variedades locais para poñelas en valor en circuitos comerciais alternativos aos estipulados polo sistema intensivo de hoxe en día e en defensa da diversidade de sabores fronte a uniformidade que defenden as

grandes industrias da produción e distribución de alimentos. Apoio á diversificación da produción hortícola e, nomeadamente, da froiteira.

- ♦ Debe fomentarse o control público e exhaustivo de residuos de agrotóxicos nos mercados finais, elaborando a administración galega políticas propias de investigación e información sobre os límites máximos de residuos (LMR) permitidos e os produtos fitosanitarios autorizados e das súas consecuencias na saúde e no medio ambiente, cuestionando mesmo o procedemento de autorización de agrotóxicos e as súas implicacións na saúde para tódolos sectores da poboación (mulleres, maiores, nenos e nenas,...). Nos lugares de venda de agrotóxicos, debe ser obrigatorio ter información sobre as características e toxicidade dos produtos en letra grande, lexible e entendible. É preciso pór en marcha programas de seguimento na aplicación de pesticidas para determinar os riscos reais aos que están sometidos os labregos e as labregas, e ensaiar medidas correctoras en caso de que así sexa.

OVINO-CAPRINO

O sector contribúe dun xeito moi importante a fixar a poboación no medio rural, a controlar a biomasa nos montes e nas terras agrarias abandonadas. É polo tanto un elemento fundamental na loita para a prevención dos incendios forestais. As políticas forestais herdeiras do franquismo, expulsaron o gando dos montes privados e dos comunais para facer monocultivos forestais, apostando por modelos intensivos de xestión do monte, para ganancia das multinacionais papeleiras. Agora vemos nidiamente o resultado desas políticas. Por iso é o momento de apostar valentemente por un novo modelo de xestión forestal onde o silvopastoreo sexa o elemento vertebrador e dinamizador. Para iso consideramos necesario:

- ♦ Impulsar e dinamizar proxectos silvopastorís, en particular que impliquen a explotación comunitaria dos montes veciñais en man común, o mantemento de poboación e o coidado do medio ambiente.
- ♦ Esixir da administración forestal que nas directrices de ordenación forestal sexa incluído o silvopastoreo como elemento imprescindible para a concesión de axudas públicas.
- ♦ Que se modifique o coeficiente de admisibilidade de pastos para as axudas da PAC para incluír todas as superficies que son aproveitables por este tipo de animais e que hoxe son excluídas, por teren unha superficie inferior aos 3.000 metros ou porque non teñen a suficiente predominancia herbácea.
- ♦ Esixir a dotación orzamentaria suficiente para a implantación de pasteiros en montes comunais, así como das estruturas adecuadas (cercados, mangas de manexo, auga, instalacións..), de xeito rápido e áxil.
- ♦ Nos proxectos de silvopastoreo deberá facerse un estudo económico previo que avalíe a viabilidade económica deses proxectos.
- ♦ Que as indemnizacións por danos da fauna salvaxe cubran o dano emerxente e o lucro cesante, sexan rápidas e cubran a totalidade dos danos.
- ♦ Que nas comisións técnicas provinciais de valoración estean representadas

as organizacións agrarias representativas.

GANDERÍA INDUSTRIAL:

Referímonos con este título a toda a gandería que nestes momentos é de produción industrial; integrada, ou en fase de integración en grandes comercializadoras ou matadoiros, e que abrangue os sectores porcino, aviar e cunícola.

É importante actuar contra o intento de grandes matadoiros, industrias e mesmo da distribución de eliminar todas as producións que están en mans de produtores e produtoras autónomas, afogándoos con baixos prezos ou coa ameaza de expulsalos dos mercados, para substituílos por este modelo de gandería integrada, nos que a xente asociada asume todos os riscos, ten unha dependencia total tanto nos insumos como nos produtos que vende, e non ten ningunha garantía.

Nestes momentos, en centos de ganderías a produción depende destas grandes comercializadoras, quitando casos puntuais, como pode ser o porco celta, unha porcentaxe de criador@s de coellos, e algunhas pequenas granxas de galiñas, tanto poñedoras como de carne, pero moi testemuñais.

Para recuperar estas producións como sectores con un desenvolvemento sostible e nunha perspectiva de soberanía alimentaria, habería que empezar practicamente de cero. Existe un decreto do ano 2011 que establece as normas zootécnicas e sanitarias do que a actual Administración chama “produción avícola artesanal”, e crea o rexistro destas explotacións. Independentemente do que sexa preciso modificar deste, habería que facer o mesmo para os outros sectores, que en todos os casos deberían obrigar ao seguinte:

- ◆ Uso da base territorial, todas as producións deberán observar a cría de animais en liberdade, e no seu medio natural
- ◆ Regulación da carga gandeira máxima en cada sistema produtivo.
- ◆ Regulación da alimentación, con base nas producións da propia explotación, mesmo cereais, etc.

Paralelamente á posta en marcha destes novos sistemas de produción, é preciso recuperar os mercados tradicionais dos mesmos: mercados de proximidade, hostalería de proximidade, etc. Pódese e débese aproveitar o que aínda existe desta comercialización nos mercados locais.

Para que esta comercialización poida ser posible e viable é necesario desenvolver as tres seguintes cousas:

- ◆ Regulación do mercado finalista de animais vivos, agora mesmo con un baleiro legal
- ◆ Regulación dos sacrificios caseiros destes pequenos animais, e dotación de pequenos matadoiros colectivos comarcais ou similares.

- ♦ Dotación de pequenas salas de sacrificio de pequenos animais nos edificios dos mercados públicos, municipais ou comarcais.

MONTE

Debe suprimirse calquera axuda á forestación con especies pirófitas e promover as especies autóctonas, a redución da superficie ocupada por *Eucaliptus globulus* e prohibir a forestación con *Eucaliptus nitens* e outras especies invasoras; así como impedir os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins enerxéticos. A actividade forestal débese realizarse empregando alternativas que eviten a degradación e a perda de solo fértil nos montes, con criterios de loita contra o cambio climático, apostar por madeiras de calidade e por proxectos que pechen o ciclo da madeira. É necesario traballar para cancelar a prórroga concedida á fabrica ENCE en Lourizán.

É imprescindible preservar a propiedade e xestión comunal dos montes veciñais, condonar as falsas e inxustas débedas dos montes veciñais conveniados ou consorciados; que o reinvestimento obrigado na mellora dos montes veciñais se faga segundo os planos de ordenación, atendendo ás características do monte e da veciñanza comuneira e que a Administración competente en materia de montes asuma o compromiso de realizar os deslindes dos montes veciñais.

Debe reformularse completamente o Plano Forestal de Galiza, con criterios da posta en valor do monte, do seu aproveitamento multifuncional: económico, ambiental, social, patrimonial e cultural. É necesario eliminar a obriga de que as comunidades de montes veciñais teñan que presentar o Imposto de Sociedades, e elaborar unha fiscalidade propia e axeitada á propiedade comunal e ao seu valor social e funcións, poñer en valor formas asociativas e/ou cooperativas e unha certificación propia e medidas de apoio a unha verdadeira silvicultura sustentable.

Cómpre facer unha verdadeira política de ordenación do territorio e dos cultivos, apostar polas actividades agrícolas e gandeiras como a ferramenta máis eficaz de loita contra o abandono, implicar as persoas titulares para a posta en valor dos montes, realizar labores de prevención ao longo de todo o ano e que o servizo de prevención a extinción sexa público, e se desenvolva con criterios profesionais e condicións e medios axeitados.

Agroambientais

Deben revisarse e adecuarse todos os apoios e axudas, apostando por criterios de sostibilidade económica, social e ambiental. En Galiza as pequenas parcelas e granxas son maioritarias en toda a xeografía, e sen embargo as agroambientais están deseñadas para medianos ou grandes predios e granxas. Contan máis as hectáreas que o tipo de actividade, o modo de produción ou o emprego. Por iso cómpre que en todas as producións se poida acceder ás axudas agroambientais, tanto nos sectores gandeiros como nos vexetais.

É necesario pór en marcha con fondos públicos axudas para o mantemento de pequenas explotacións no territorio pola súa importancia social, económica, medioambiental e cultural. Para asegurar un emprego estable e remunerado é fundamental unha garantía dun mínimo de ingresos por persoa activa. Para iso, propoñemos que as axudas se liguen á produción e ás persoas en activo, e que en producións nas que as axudas por superficie como na horta, froita, viño, ás de agricultura ecolóxicas... son moi baixas, que se garanta unha axuda directa mínima ligada ao emprego, adaptada á nosa realidade.

Deberían servir para percibir estas axudas todas as parcelas e recintos que cumpran as condicións, eliminando o criterio da superficie mínima . Se hai pastoreo real, aínda que sexa arbustivo, non debe ser penalizado, pois son modos de produción sostibles e resultan fundamentais para loitar contra os incendios e contra o abandono do territorio.

Leite de pasto, tenreira de pasto... e a aposta pola calidade diferenciada

Facer unha denominación, por exemplo "leite de Galiza", pode ter certo interese para aquel [consumid@r](#) que queira facer esta escolla, pero non achega unha calidade diferenciada e a base para un maior valor engadido.

Do gando en pastoreo obtéñense alimentos que achegan á cadea alimentaria máis nutrientes dixeribles que o estabulado, o benestar animal real é moito maior o que a maiores redunda en animais máis sans e un produto de mellor calidade. Se a iso lle sumamos unha menor cantidade de consumo de concentrado por animal e día, ou maior facilidade para obter unha produción sen agrotóxicos ou libre de transxénicos, podería obterse unha gama de leites con calidade real superior ao convencional. Esa calidade diferenciada suporía un maior valor engadido e a posibilidade dunha maior rendibilidade. Este exemplo podería aplicarse a outras producións, de aí o interese de apostar por denominacións de calidade como a sinalada ou por produtos diferenciados, como por exemplo os transformados feitos con leites fermentados e non con leite en po, o leite pasteurizado....